



# Operación Resolución Absoluta: Certezas e incógnitas en Venezuela

## Description

Hoxe, a Operación Resolución Absoluta, dálle consistencia estratéxica ao realizado polos EUA durante o 2025 e ao tempo dálle a benvinda ao segundo ano do mandato do Donald Trump 2.0. Así as cousas, temos diversas certezas e incontables incógnitas arredor da evolución dos escenarios a seguir.

A primeira certeza é que a a preparación do asalto a Venezuela nos últimos meses desde o despregue da frota no Mar Caribe ata o peche por terra, mar e aire é un caso práctico da nova Estratexia de Seguridade Nacional dos EUA, presentada no mes de novembro, así como do corolario Trump e renovada Doutrina Monroe. A segunda certeza é que a volta aos Imperios e as áreas de influencia, configúrase como a principal hipótese momentánea dos EUA para conter a emerxencia chinesa, procurando afinidades con Rusia, que debiliten a alianza máis forte dentro do moi láquido bloque que representa o Sur Global. Como última certeza, o trumpismo leva dándose parándose e globalizándose por medio do rexurdir da extrema dereita por todo o planeta, creando un pensamento estratéxico estadounidense que eliminou os consensos liberais coa UE, normalizando o negacionismo climático ou de xénero e popularizando discursos abertamente filoracistas e coloniais.

Todo isto dáse no marco dun estilo de gobernanza moi particular de Donald Trump, como foi claro na rolda de prensa posterior e detención do Presidente de Venezuela e a súa esposa, Cilia Flores. Ninguén se rendeu publicamente en Venezuela e aínda así afirmou que controlar a transición do país, que durará anos, que poderán existir novos bombardeos e que nunca se exclúa a posibilidade dunha invasión terrestre. Unha transición chea de incógnitas e procesos en curso, non só en Venezuela.

Ademais do inevitable deterioro do poder do goberno venezolano ao non poder conter a detención do seu Presidente, existen dúbidas inevitables: Haberá algún tipo de resistencia do goberno encabezado agora mesmo por Delcy Rodríguez? Poderán existir outros liderados? Que papel ten no proceso a oposición venezolana encabezada por María Corina Machado? A captura de Maduro foi pactada? Con quen?

No curto prazo, diante destes feitos consumados, uns evidentes e outros gaseosos, Brasil anunciou a convocatoria dunha reunión de urxencia na CELAC e as Nacións Unidas discutirán a situación no marco do Consello de Seguridade de Nacións Unidas. As respostas directas en Venezuela, así como nos marcos multilaterais, contornarán os seguintes episodios da crise venezolana e da evolución da situación, que dificilmente estarán ausentes de acontecementos non agardados.

## APARTADO TEMÁTICO XEOGRÁFICOS

Estados Unidos · Latinoamérica

## ETIQUETAS

doutrina Monroe Trump EUA Venezuela Guerras

## INVESTIGACION

Relacións Internacionais

### Date Created

Xaneiro 9, 2026

### Meta Fields

**Autoria :** 3782

**Subtítulo :** Artigo orixinalmente publicado en Tempos Novos dixitais, o 6 de xaneiro do 2025